



Concello de Vigo
Expte. 3634/1101

ACTA

PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 18/2021

SESIÓN ORDINARIA DO 30 DE NOVEMBRO DE 2022

ORDE DO DÍA

PARTE RESOLUTIVA

- 1. Actas anteriores:** Ordinaria do 26 de outubro, extraordinaria do 9 de novembro e extraordinaria do 18 de novembro.
- 2. Declaracións institucionais.**
- Intervención de Dona Concepción Regueiro Digón, da asociación "Asociación Mulleres Progresistas", colectivo integrante do Consello Municipal da Muller para expoñer o texto proposto con motivo do día 25 de novembro "Día Internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres". Expte. 11886/224 (Expte. Pleno 3636/1101).

Ditames das comisións informativas:

ORZAMENTOS E FACENDA

- 3.** Dar conta do Estado de Execución do estado de gastos e ingresos do orzamento correspondente ao terceiro trimestre do 2022, así como do movemento de tesourería por operación orzamentarias e non orzamentarias. Expte. 230/143.(Expte. Pleno 3632/1101)

Mocións:

- 4.** Moción do concelleiro membro non adscrito, demandando máis recursos para o combate das violencias machistas. Expte. Pleno 3642/1101.



5. Moción do grupo municipal Mixto por un compromiso total do Concello de Vigo na construción dunha cidade libre de violencias machistas en todos os espazos, públicos e privados. Expte. Pleno 3640/1101.
6. Moción do grupo municipal do Partido Popular, instando ao Goberno de España a que adopte as medidas encamiñadas á conxelación das peaxes na autoestrada estatal AP-9, similares ás que adoptou o Goberno galego nas autoestradas autonómicas. Expte. Pleno 3635/1101.
7. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia que dote a Vigo dun Punto de Encontro Familiar digno, seguro e amplo que de seguridade e benestar aos menores e as súas familias, segundo a súa Lei 11/2007. Expte. Pleno 3643/1101
8. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a publicar os criterios obxectivos de reparto entre os concellos dos fondos asignados a Galicia para políticas sociais, seguindo as directrices do Goberno de España. Expte. 3644/1101.
9. Moción do grupo municipal Socialista, instando ao Presidente da Xunta de Galicia a explicar publicamente o intento da Xunta de Galicia de deixar a Vigo fora do Proxecto do Plan de Sustentabilidade Turística de Vigo, intento frustrado polo Goberno de España e a FEGAMP. Expte. Pleno 3645/1101.

PARTE DE CONTROL

10. Dar conta de resolucións da Alcaldía, dende o 20.10.22 ao 21.11.22. Expte. 1326/1102 (Expte. Pleno .3637/1101).
11. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, dende o 20.10.22 ao 21.11.22. Expte. 1326/1102 (Expte. Pleno 3638/1101).
12. Dar conta da Resolución de Alcaldía, de data 31.10.2022, de delegación da competencia para a fixación dos servizos mínimos no suposto de folgas que afecten aos servizos públicos que presta o Concello de Vigo e o seu Organismo Autónomo, agás as relativas ao persoal empregado público. Expte. 598/1102 (Expte. Pleno 3639/1101).
13. **Formulación de rogos.**
14. **Formulación de preguntas.**

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Caballero Álvarez Abél Ramón
Aguiar Castro Yolanda

POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Bartolomé Tocino, Carlota
Egerique Mosquera Teresa (on line)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/01/2023 14:20	Páxina 2 de 30
3675-1101	CSV: ABA2B4-E285D8-D649CH-JUTW2M-6EV62Q-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Aneiros Pereira Jaime
Blanco Iglesias Eugenia Dolores
Caride Estévez María José
Espinosa Mangana Elena
Estévez Rodríguez Pablo Luis
Fernández Pérez José Manuel
Gómez Díaz Gorka
Iglesias González Ana Laura
Lago Barreiro María del Carmen
López Font Carlos
Losada Alvarez Abel Fermín
Mejías Sacaluga Ana Maria
Pardo Espiñeira Francisco Javier
Rivas González Ángel
Rodríguez Calviño Patricia
Rodríguez Díaz Santos Héctor
Rodríguez Rodríguez Nuria
Silva Rego M^a Carmen

López Román Patricia
Marnotes González José Alfonso

POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO

Méndez Fuentes Oriana
Pérez Correa Ruben

MEMBRO NON ADSCRITO

Pérez Igrexas Xabier

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e nove minutos do día trinta de novembro do ano dous mil vinte e dous, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Bartolomé Tocino, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Egerique Mosquera, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, López Roman, Losada Alvarez, Marnotes González, Mejías Sacaluga, Méndez Fuentes, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Pérez Igrexas, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excm. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

1.(214). ACTAS ANTERIORES: ORDINARIA DO 26 DE OUTUBRO, EXTRAORDINARIA DO 9 DE NOVEMBRO E EXTRAORDINARIA DO 18 DE NOVEMBRO.

VOTACIÓN E ACORDO.

Por unanimidade dos vinte e sete membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e de feito, apróbanse as actas ordinaria do 26 de outubro, extraordinaria do 9 de novembro e extraordinaria do 18 de novembro de 2022.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/01/2023 14:20	Páxina 3 de 30
3675-1101	CSV: ABA2B4-E285D8-D649CH-JUTW2M-6EV62Q-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2. DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.

2.(215). INTERVENCIÓN DE DONA CONCEPCIÓN REGUEIRO DIGÓN, DA ASOCIACIÓN “ASOCIACIÓN MULLERES PROGRESISTAS”, COLECTIVO INTEGRANTE DO CONSELLO MUNICIPAL DA MULLER PARA EXPOÑER O TEXTO PROPOSTO CON MOTIVO DO DÍA 25 DE NOVEMBRO “DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES”. EXPTE. 11886/224 (EXPTE. PLENO 3636/1101).

A Presidencia da conta da Declaración Institucional polo “Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres”, có número de Rexistro do Pleno 3636/1101, que literalmente di:

“DECLARACIÓN INSTITUCIONAL POLO 25 DE NOVEMBRO DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

Un ano máis, reunímonos neste espazo plural e representativo para a tarefa tan ingrata de recordar unha realidade adversa. A violencia contra as mulleres continúa a ser un grave problema a todos os niveis, aínda a pesar dos avances conxuntos das últimas décadas en España que permitiron establecer unha rede institucional de loita e apoios, ou mesmo poñer en evidencia a gravidade da situación desde os distintos axentes sociais. No seu momento, o apoio unánime das forzas políticas á Lei orgánica de medidas de protección integral contra a violencia de xénero colocábanos nunha situación de vangarda nese eido, pero os feitos dos últimos tempos veñen demostrar que este é un asunto que segue a esixir a reivindicación e o posicionamento constante.

Entre os diversos exemplos, vemos que no 2021 se produciu un incremento do 3,2% das vítimas de violencia de xénero ou que no segundo trimestre de 2022 as denuncias por violencia machista aumentaron en Galicia case un 10%. Dous fríos datos estatísticos que non deixan de reflectir o importante camiño aínda por percorrer na eliminación deste grave problema, no que resultaría imprescindible a implicación de todas e de todos.

Porén, en España estase a dar nos últimos tempos un cuestionamento desde determinadas correntes ideolóxicas sobre a propia natureza da violencia contra as mulleres, igualándoa a outras desde a falacia de que non pode haber unha clasificación destas. E incluso impulsando a diminución e ata a supresión das diversas medidas de loita contra a violencia de xénero, co grave prexuízo que isto supón para a situación de moitas mulleres e o evidente paso atrás que tales decisións significan na construción dunha sociedade máis xusta e igualitaria.

A actualidade parece querer dicirnos que as vellas ideas misóxinas seguen aí sen ánimo de marchar, e noticias como os cánticos machistas dun colexio maior de Madrid ou a moda perversa das picadas nas discotecas a mulleres de xeito aleatorio veñen evidenciar a persistencia dunha concepción das mulleres como obxectos sen vontade ou capacidade de decisión aos que atemorizar ou ao mero servizo dos homes para o seu goce e deleite. Feito este especialmente grave se temos en conta que se produce entre membros das xeracións máis novas, ás que cabería suporlles unha actitude distinta neste asunto. A normalización da violencia ou a banalización dunha cultura da violación son actitudes moi perigosas que se



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/01/2023 14:20	Páxina 4 de 30
3675-1101	CSV: ABA2B4-E285D8-D649CH-JUTW2M-6EV62Q-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

poden distinguir nestes dous sucesos e reafirman o patriarcado nos seus aspectos máis funestos. O certo é que se está observando nos últimos tempos un retroceso nos valores de igualdade e de exacerbación dun negacionismo sobre a violencia de xénero entre mozas e mozos que están a indicar a importancia da educación en todas as súas vertentes como principal fórmula da súa prevención. En tempos como os actuais non se pode dar por suposto que tales cousas están xa sobrepasadas. Resulta imprescindible formar a nenas e nenos activos fronte á violencia e futuros garantes da igualdade entre mulleres e homes como as persoas adultas do mañá ás que deberá quedar este mundo.

Finalmente, dicir que a solidariedade debe mandar en todas as nosas accións, e, por iso, non debemos esquecer nun día como o de hoxe a loita das mulleres de tantos e tantos países, simbolizada na das afganas e na das iranianas por dereitos tan fundamentais como esa educación que sistematicamente se lles nega ou en detalles tan incuestionables para nós como poder ir pola rúa como lles pete. A violencia con que son respondidas e a que elas seguen a enfrontarse tan valentemente convérteas en exemplo e guía moral para o resto do planeta e obríganos a todas e todas a elevar a voz e colaborar en todo o posible na súa batalla.

E remato, non sen antes lembrar a todas e cada unha das vítimas desa violencia que se ceba nas mulleres polo simple feito de selo. Non perdamos nunca de vista que unha sociedade só pode ser xusta se é xusta con todos e todas as que a conforman.”

Non habendo deliberacións, queda aprobada a Declaración Institucional por asentimento dos membros presentes da Corporación.

Incidencia. Auséntase do Salón de Plenos a concelleira 1ª tenente de Alcalde, Sra. Silva Rego.

DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

3.(216). DAR CONTA DO ESTADO DE EXECUCIÓN DO ESTADO DE GASTOS E INGRESOS DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO TERCEIRO TRIMESTRE DO 2022, ASÍ COMO DO MOVEMENTO DE TESOURERÍA POR OPERACIÓN ORZAMENTARIAS E NON ORZAMENTARIAS. EXPTE. 230/143. (EXPTE. PLENO 3632/1101)

ANTECEDENTES: Dáse conta do informe, de data 17 de outubro de 2022, a Dirección Superior Contable e Orzamentaria co conforme do concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o que segue:

“Normativa



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/01/2023 14:20	Páxina 5 de 30
3675-1101	CSV: ABA2B4-E285D8-D649CH-JUTW2M-6EV62Q-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004.
- Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local.
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.
- Bases de Execución Orzamentaria para o ano 2022.

En cumprimento do previsto no artigo 207 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, Regra 52 da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local, a Base 3ª das de Execución Orzamentaria para o ano 2022, normativa que regula a periodicidade de remisión de información ao Pleno sobre a execución orzamentaria, establece que “Trimestralmente, e artigo 4.2 do RD 128/2018, a Intervención Xeral Municipal ou o Órgano que teña atribuída a función de Contabilidade, remitiralle ao Pleno da Corporación, por conduto da Alcaldía-Presidencia, información da execución dos orzamentos dos estados de gastos e ingresos e do movemento da Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e da súa situación”.

A información que se remite corresponde ao TERCEIRO trimestre do ano, recollendo nos citados estados a información relativa ao rexistro dos feitos contables até o 30 de setembro de 2022.

Estados consolidados

A información orzamentaria a conforma un resumo por capítulos da liquidación dos estados do orzamento de gastos e ingresos, tanto a nivel económico como por fases contables, así como o gráfico representativo da situación á data referenciada. Xúntase o desenvolvemento da liquidación ao máximo nivel de desagregación, tanto para o estado de gastos como de ingresos.

Tamén forma parte da liquidación ao 30/09/2022, a recadación e pagamentos de corrente e de pechados.

En canto aos estados que reflicten os movementos de tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e a súa situación, remítense o estado de tesourería recollendo o saldo inicial, cobros, pagamentos e saldo final.

Remítense igualmente os estados non orzamentarios de tesourería tanto de debedores, acredores e partidas pendentes de aplicación, na que se reflicte a situación inicial, cobros e pagamentos así como a situación final dos estados consolidados

Proceso de devolución de ingresos indebidos

As modificacións orzamentarias dos estados consolidados.

Outra información:

En relación co estado de situación da débeda financeira bancaria, non se remite información por non existir a esta data operación algunha pendente de amortizar.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/01/2023 14:20	Páxina 6 de 30
3675-1101	CSV: ABA2B4-E285D8-D649CH-JUTW2M-6EV62Q-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A información enviada é comprensiva de todo o desenvolvemento orzamentario tanto de corrente como de pechados.

A mesma será incorporada ao portal de transparencia.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

ACORDO.

O Pleno da Corporación queda enterado do informe para dar conta do Estado de Execución do estado de gastos e ingresos do orzamento correspondente ao terceiro trimestre do 2022, así como do movemento de Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarios.

Incidencia. Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

MOCIÓNS:

4.(217). MOCIÓN DO CONCELLEIRO MEMBRO NON ADSCRITO, DEMANDANDO MÁIS RECURSOS PARA O COMBATE DAS VIOLENCIAS MACHISTAS. EXPTE. PLENO 3642/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 25 de novembro de 2022, número 3642/1101, o concelleiro membro non adscrito, Sr. Perez Igrexas, formula a seguinte,

MOCION

“DEMANDANDO MÁIS MEDIOS E RECURSOS PARA O COMBATE DAS VIOLENCIAS MACHISTAS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As violencias machistas seguen fortes na nosa sociedade, como mostra da vixencia do sistema patriarcal. Proba disto son, por exemplo, os datos recentes dados a coñecer a mediados de outubro por parte do Observatorio do Consello Xeral do Poder Xudicial que indicaba que os xulgados galegos recibiron no segundo trimestre de 2022 ata 1.813 denuncias por violencia machista, un 9,9% máis que no mesmo período de 2021.

Ademais da preocupación pola vixencia das violencias machistas, o contexto de 2022 engade a incerteza dunha situación económica na que a escalada de prezos que se vive desde hai máis dun ano impacta con virulencia nas mulleres, afondando na desigualdade.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/01/2023 14:20	Páxina 7 de 30
3675-1101	CSV: ABA2B4-E285D8-D649CH-JUTW2M-6EV62Q-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Nun contexto onde, ademais, medran os discursos misóxinos que cuestionan a desigualdade e a violencia machista, é necesario que as administracións revaliden o seu compromiso co impulso e o apoio económico das medidas en materia de fomento da igualdade e loita contra estas violencias.

Entre os recursos máis importantes cos que conta o noso país están os Centros de Información ás Mulleres, cunha rede importante mais que aínda arrastra carencias como a falta de cobertura ao longo do territorio ou a insuficiencia dos cadros de persoal.

É necesario recordar que se ben os CIM son de titularidade municipal, a Xunta de Galiza delimita os requisitos que deben cumprir para a súa creación, os seus principios de actuación e as súas funcións, entre outros e tamén contribúe ao seu financiamento a través de convocatorias anuais en réxime de subvención.

A respecto do financiamento, a Xunta de Galiza establece unha contía total máxima de axuda que se pode conceder ao abeiro do Programa de apoio aos CIM e que é de 45.000 euros, no caso de que se trate dunha solicitude individual, e de 120.000 euros, no caso de que se trate dunha solicitude para a xestión compartida ou dunha entidade resultante dunha fusión de concellos.

Este tope máximo limita de facto o cadro de persoal e os perfís profesionais dos que dispoñen a maior parte dos CIM así como o seu orzamento, tal e como sinalou a FEGAMP no seu primeiro Informe sobre a acción dos concellos galegos. Estas limitacións orzamentarias, en canto á achega da Xunta de Galiza e as dificultades dos concellos de incrementar as súas achegas, deriva en que o groso dos recursos económicos vaian dirixidos ao pagamento do persoal e dos custes de mantemento dos centros mentres que apenas o 5% se destina a accións de prevención e promoción da igualdade.

Galiza é exemplo de importantes avances institucionais, como o recoñecemento da violencia vicaria como violencia machista, e de importantes mobilizacións, como amosa a cada vez maior resposta aos feminicidios en convocatorias e asistencia, ou as históricas manifestacións dos 8 de marzo. Neste contexto, aínda que temos avanzado, queda moito por facer e estamos nun momento histórico de ameazas de retroceso en materia de igualdade. Polo tanto, é necesario dar un paso máis fortalecendo un instrumento coma os CIM. Este é un chanzo necesario para garantir a igualdade de opcións e trato das galegas ao longo do territorio, para avanzar na profesionalización e na mellora da atención e para prever e intervir ante as necesidades actuais.

Por estes motivos, é preciso comprometérmonos co seu fortalecemento, ademais de revalidar o compromiso coas mobilizacións feministas e demandar das institucións o mantemento dos compromisos económicos coa igualdade e a loita contra a violencia machista.

No ámbito local, o Concello de Vigo situouse historicamente, e pola acción de diferentes Gobernos municipais, á vangarda no despregamento de políticas en favor da igualdade efectiva e do combate das violencias machistas.

No entanto, faise necesario avanzar no alargamento das políticas feministas, con carácter transversal, dedicando máis medios e recursos para configurar, na



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/01/2023 14:20	Páxina 8 de 30
3675-1101	CSV: ABA2B4-E285D8-D649CH-JUTW2M-6EV62Q-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

práctica e non apenas no retórico, esta cuestión como unha verdadeira prioridade da acción municipal, e para dar unha resposta axeitada e contundente diante do agravamento das violencias machistas na nosa cidade.

Por todo o anterior, o Bloque Nacionalista Galego propón ao Pleno do Concello de Vigo a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1.- Demandar da Xunta de Galiza o incremento dos recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia de xénero do proxecto de orzamentos de 2023 de forma que se sitúen, como mínimo, no 1% do total e así dotar de suficientes recursos para que se rectifique a liña de incumprimento da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

2.- Demandar da Xunta de Galiza a aprobación dun programa de ampliación e extensión dos CIM a través das seguintes medidas:

2.1.- O incremento da achega económica do programa de axudas e subvencións de apoio aos CIM co obxectivo de reforzar e ampliar a rede galega de CIM facendo especial énfase na creación destes centros naqueles concellos e comarcas nos que actualmente non existen ou están sobrecargados.

2.2.- Reforzar o financiamento anual dos CIM garantindo, asemade, que o Programa de apoio aos CIM cubra os custes de persoal e de mantemento, favorecendo o desenvolvemento de actividades e programas de prevención da violencia machista e de promoción da igualdade así como a incorporación de novos perfís profesionais aos centros.

3.- Instar ao Goberno municipal a destinar máis medios e recursos para o despregamento efectivo de políticas feministas no Concello de Vigo para o combate de todas as violencias machistas, incluíndo, como mínimo, as seguintes medidas concretas:

3.1.- Aumentar substancialmente os recursos municipais dedicados a campañas de sensibilización contra as violencias machistas, despregando accións específicas e continuadas no ámbito escolar.

3.2.- Posta en marcha dun programa municipal específico para a mocidade, que inclúa accións de identificación e sensibilización en relación aos modelos tóxicos de masculinidade e as novas formas de violencia de control, violencia dixital e violencia sexual.

3.3.- Actualización, coa participación do movemento feminista, do Plan Integral de Igualdade do Concello, que incorpore novas liñas de actuación no eixo referido ao combate das violencias machistas e aumento da súa dotación económica.

3.4.- Creación dun Observatorio Municipal da Igualdade que, entre outros, se encargue de realizar periodicamente análises, estudos e diagnoses, tanto



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/01/2023 14:20	Páxina 9 de 30
3675-1101	CSV: ABA2B4-E285D8-D649CH-JUTW2M-6EV62Q-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

cuantitativas como cualitativas, a respecto das diferentes formas de violencia machista e da desigualdade e da súa evolución na nosa cidade.

3.5.- Dotar con máis medios humanos e materiais o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, da rúa Romil, garantindo a súa apertura e atención do persoal especializado todos os días en horario de mañá e tarde, e poñer en marcha un novo centro no barrio de Coia para descentralizar e achegar os servizos a un maior número de mulleres.

3.6.- Reforzar con máis medios humanos, materiais e orzamentarios todos os programas, recursos e servizos do Concello dedicados á atención, acollemento e apoio multidisciplinar das mulleres en situación de violencia de xénero.

3.7.- Articular un protocolo específico de intervención por parte do Servizo de Axuda no Fogar diante de casos de violencia machista, que non se limite á comunicación administrativa de situacións detectadas.

3.8.- Realizar programas de formación en materia de igualdade para todo o persoal municipal e tamén o dos servizos municipais externalizados baixo xestión privada.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

Incidencia. Auséntase do Salón de Plenos o Alcalde-Presidente e os concelleiros, Sr. Aneiros Pereira e Sr. Pardo Espiñeira, presidindo a 2ª tenente de Alcalde, Sra. Espinosa Mangana.

VOTACIÓN: Con sete votos a favor do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Méndez Fuentes e Pérez Correa, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Bartolomé Tocino, López Roman e Marnotes González, e dezasete abstencións dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, adóptase o seguinte, adoptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 25.10.2022 (Rex. Nº 3642/1101), polo concelleiro membro non adscrito Sr. Pérez Igrexas, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

Incidencia. Auséntase do Salón de Plenos a concelleira 1ª tenente de Alcalde, Sra. Silva Rego.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/01/2023 14:20	Páxina 10 de 30
3675-1101	CSV: ABA2B4-E285D8-D649CH-JUTW2M-6EV62Q-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

5.(218). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO POR UN COMPROMISO TOTAL DO CONCELLO DE VIGO NA CONSTRUCIÓN DUNHA CIDADE LIBRE DE VIOLENCIAS MACHISTAS EN TODOS OS ESPAZOS, PÚBLICOS E PRIVADOS. EXPTE. PLENO 3640/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 24 de novembro de 2022, número 3640/1101, os concelleiros do grupo municipal Mixto, Sra. Méndez Fuentes e o Sr. Pérez Correa, formulan a seguinte,

“MOCIÓN POR UN COMPROMISO TOTAL DO CONCELLO DE VIGO NA CONSTRUCIÓN DUNHA CIDADE LIBRE DE VIOLENCIAS MACHISTAS EN TODOS OS ESPAZOS, PÚBLICOS E PRIVADOS.

Pasaron xa algúns días do 25 de Novembro, Día Internacional pola Eliminación das Violencias Machistas, e comezou a apagarse o foco mediático sobre esta cuestión. Non obstante, cómpre permanecer alerta e actuar en consecuencia: son 470 as vítimas contabilizadas polo Xulgado de Violencia contra a Muller de Vigo, un 17% máis que no mesmo período do ano anterior. E, ademais do escenario alarmante que describen os datos, cómpre atender tamén a esa onda violenta da extrema dereita que quere impornos o odio e a regresión, como demostrou a intervención dunha deputada fascista no Congreso dos Deputados contra a Ministra de Igualdade, Irene Montero. Unha intervención inaudita no hemiciclo que debe alertarnos do nivel de indecencia coa que a extrema dereita actúa nas institucións democráticas e no espazo público.

Segundo os datos globais de violencias machistas, cronifícanse e aumentan os casos de violencias de todo tipo. Ademais, un contexto de crise inflacionaria nos produtos básicos e na vivenda favorece escenarios de incerteza social que son caldo de cultivo para numerosas violencias. Porque as desigualdades e a precariedade, tanto no laboral como no social, seguen afectando máis ás mulleres.

A violencia machista, violencia que vai máis aló da violencia no seo da parella ou ex-parella, abrangue toda a violencia que se exerce sobre as mulleres polo feito de selo e tamén sobre os seus fillos e fillas: o 27% das mulleres sufriu nalgún momento violencia machista, verbal ou física.

1.165 mulleres foron asasinadas no no Estado español dende o 1 de xaneiro de 2003, data na que comezan a contabilizarse os asasinatos de mulleres vítimas de violencia de xénero, e 35 no que vai de ano. Os feminicidios cometidos fóra da parella ou ex-parella foron 19 no que vai de ano. O número de menores que quedaron orfos por esta violencia ascende a 24 en 2021 e a 361 desde 2013, data na que se inclúen os datos como vítimas de violencia de xénero.

Os casos activos de violencia de xénero no Estado, segundo VIOGEN (sistema de seguimento integral dos casos de violencia de xénero), son 74.488 a 31 de agosto, un 10,96% máis que en 2021. O número de mulleres que viven coa protección policial por risco de violencia machista ascende a 42.657, o que supón un 17,84% máis que o ano pasado. O número de vixilancia por medios telemáticos (pulseiras) activo a finais de agosto é de 2.935, un 20,09% máis que en 2021. As chamadas ao 016 en agosto foron 10.415, un 33,83% máis que no mesmo período de 2021. O servizo telefónico de atención a vítimas de violencia de xénero (Atempro)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/01/2023 14:20	Páxina 11 de 30
3675-1101	CSV: ABA2B4-E285D8-D649CH-JUTW2M-6EV62Q-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

registrou 872 chamadas no mes de agosto, o que supón un incremento do 7,26% con respecto a 2021.

Ademais, o sistema VIOGEN tamén inclúe casos activos de menores con sistema de vixilancia de violencia de xénero, que a 31/01/2022 ascendían a 5.691.

Se atendemos aos casos de Vigo: no primeiro semestre de 2022, superouse o número de denuncias con respecto aos tres anos anteriores. Case tres mulleres maltratadas denunciaron diariamente. Son 470 as vítimas contabilizadas polo Xulgado de Violencia contra a Muller de Vigo: un 17% máis que no mesmo período do ano anterior. E, ademais, dende xaneiro a xuño de 2022, os datos dos que dispomos rexistraron xa 28 denuncias por violencia de xénero continuada no entorno de parellas ou ex-parellas, tendo en conta ademais que son consideradas as máis custosas para as mulleres por levaren, precisamente, padecéndoa longo tempo.

A violencia machista non é un problema privado, é un problema estrutural, unha violación dos Dereitos Humanos. Por iso, as institucións non poden tolerar a negación ou a invisibilidade desta cuestión porque iso implica deslexitimala e perpetuala. As institucións, comezando pola máis próxima, o Concello, debe deseñar políticas dotadas de recursos para dar respostas reais ás nosas veciñas.

Por todos estes motivos, é urxente poñer en marcha e afondar nas actuacións do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero para despregar medidas e políticas igualitarias nesta situación de crise multidimensional. E á súa vez, para iso é fundamental reconsiderar os nosos servizos públicos que, feridos de morte, non poden atendernos nin garantir os nosos dereitos e protexer a nosa vida. Precisamos unha aposta clara pola ampliación dos recursos e a reestruturación do público e do común.

Estamos a vivir un colapso de servizos legais, sociais e sanitarios precarios e recortados xa antes da crise do Coronavirus. Cómpre resolver con urxencia o acceso, ampliación de prazos, dereitos e medidas de protección das mulleres que obteñan a acreditación como vítimas de Violencia de Xénero. A vixencia de dous anos para todas as accións (sen estimar tempos diferentes para diferentes accións) non abonda con que unha muller reconstrúa a súa vida e poida acceder aos diferentes recursos previstos pola lei, en materia laboral, formativa (como oposicións) e outras medidas de apoio social e laboral.

E, finalmente, preocúpanos que, segundo un estudo elaborado polo Centro Reina Sofía de Adolescencia e Xuventude do FAD, a porcentaxe de mozos (de 15 a 29 anos) que negan ou restan importancia á violencia de xénero segue a medrar e un de cada cinco (20%) nega que exista. En 2019, esta porcentaxe foi do 12%. Algo preocupante xa que vai acompañado de que un 18,1% dos nenos e un 12% das nenas normalizan mirando o móbil da súa parella, unha forma de control que máis sofren as mulleres en parella. Ademais, 3 de cada 10 rapaces consideran que unha parella limita a liberdade e o 28% deles cre que os celos son unha proba estándar de amor. Unha realidade que require unha educación sexual afectiva que permita superar os mitos do amor romántico e establecer relacións máis saudables e horizontais.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/01/2023 14:20	Páxina 12 de 30
3675-1101	CSV: ABA2B4-E285D8-D649CH-JUTW2M-6EV62Q-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Polo exposto, o Grupo municipal mixto (Marea de Vigo) presenta ao Pleno para a súa aprobación se procede os seguintes:

ACORDOS

PRIMEIRO: Instar ao Goberno municipal a reforzar as medidas contra as violencias machistas, aumentando necesariamente o orzamento destinado á sensibilización e loita contra as violencias de xénero.

SEGUNDO: Instar ao Goberno municipal á instalación de “Puntos Violetas”, cumprindo o aprobado no Pleno do Concello a iniciativa deste grupo municipal. Constitúen unha ferramenta fundamental para ofrecer, no espazo público de Vigo, información, acompañamento e primeira atención a calquera muller que poida vivir un episodio de violencia machista.

TERCEIRO: Instar ao Goberno municipal a desenvolver protocolos de actuación concretos, especialmente contra as violencias machistas en celebracións multitudinarias no espazo público e tamén contra os acosos e as agresións sexuais en espazos de ocio nocturno privados.

CUARTO: Instar ao Goberno municipal a avaliar, mediante un informe de impacto de xénero, os programas de recuperación económica para a cidade, co obxectivo de incluír os factores de corrección necesarios para evitar o aumento dos desequilibrios de xénero existentes.

QUINTO: Instar á Xunta de Galicia o aumento dos recursos económicos destinados á loita contra as violencias de xénero nos orzamentos de 2023, chegando a destinar cando menos o 1% do total dos orzamentos.

SEXTO: Instar á Xunta de Galicia a ampliar a rede de Centros de Información ás mulleres para garantir a cobertura territorial, especialmente desatendida nas comarcas que carecen deste servizo ou na nosa cidade, onde é insuficiente; así como a aumentar a dotación dos medios humanos e materiais.

SÉPTIMO: Instar ao Pleno do Concello de Vigo a condenar os gravísimos insultos e ataques machistas vertidos nestes meses en sede parlamentaria contra a Ministra de Igualdade, Irene Montero, e o resto de mulleres que están a desempeñar o seu traballo no Ministerio de Igualdade e organismos de el dependente.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a moción presentada, en data 24.11.2022 (Rex. Nº 3640/1101), polos concelleiros do grupo municipal Mixto, Sra. Méndez Fuentes e o Sr. Pérez Correa, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/01/2023 14:20	Páxina 13 de 30
3675-1101	CSV: ABA2B4-E285D8-D649CH-JUTW2M-6EV62Q-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Incidencia. Auséntase do Salón de Plenos o concelleiro 2º tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira.

6.(219). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, INSTANDO AO GOBERNO DE ESPAÑA A QUE ADOPTE AS MEDIDAS ENCAMIÑADAS Á CONXELACIÓN DAS PEAXES NA AUTOESTRADA ESTATAL AP-9, SIMILARES ÁS QUE ADOPTOU O GOBERNO GALEGO NAS AUTOESTRADAS AUTONÓMICAS. EXPTE. PLENO 3635/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de novembro de 2022, número 3635/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, formula a seguinte,

MOCIÓN

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A autoestrada AP-9 é a vía de comunicación máis importante de Galicia, xa que vertebra o territorio onde reside o 60% da poboación e para Vigo constitúe unha das principais vías de acceso posto que nos comunica cara o Norte con Pontevedra, Santiago, Coruña e Ferrol e con Portugal cara o Sur . Así mesmo, tamén é a autoestrada que, a pesar das bonificacións implantadas, está entre as máis elevadas de España.

A día de hoxe, e aínda contando cos descontos a AP-9 ten un custo medio por quilómetro de 6,12 céntimos.

Esta autoestrada estatal non só é das máis caras de España, senón que tamén se seguirán encarecendo en xaneiro, coa suba derivada do IPC se o Goberno central non adopta medidas, como xa fixo a Xunta nas autoestradas autonómicas da súa competencia, a AG-55, entre A Coruña e Carballo, e a AG-57, Vigo-Baiona.

Isto significa que, se o Goberno central non o remedia, o 1 de xaneiro a suba da peaxe da AP9 roldará o 9 por cento, o que suporá o segundo maior incremento da serie histórica.

Entrando máis en detalle, os galegos teremos que soportar unha suba de case o 9% na AP-9 á que haberá que sumarlle o 1% de incremento extra pola compensación a Audasa polas obras de ampliación da autoestrada, que autorizou un Goberno socialista en España.

Desde o grupo do Partido Popular no Concello de Vigo lamentamos que ante a escalada de prezos e o evidente impacto que o IPC ía ter nas tarifas das autoestradas estatais AP-9, o Goberno de España non prevese ningunha medida nos Presupostos Xerais do Estado de 2023 co obxectivo de paliar o impacto da suba das peaxes no peto das familias e na competitividade das empresas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/01/2023 14:20	Páxina 14 de 30
3675-1101	CSV: ABA2B4-E285D8-D649CH-JUTW2M-6EV62Q-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Porén, consideramos que o Goberno de España está a tempo. Pode e debe evitar que os galegos teñamos que asumir o vindeiro 1 de xaneiro unha suba histórica das peaxes da AP-9 o peor momento.

É por iso que, desde o grupo do Partido Popular presentamos esta moción para pedirlle ao Goberno de España que siga o exemplo do Goberno galego, que adopte medidas similares ás que xa adoptou a Xunta nas dúas autoestradas de titularidade autonómica, coa conxelación das peaxes en 2023, para evitar que os cidadáns asuman unha suba por mor do IPC, que está disparado.

Para anticiparse a esta situación, o Goberno galego, ante un previsible e desproporcionado incremento das peaxes das autoestradas da súa competencia como consecuencia do IPC, adoptou a decisión de conxelar as peaxes das autoestradas autonómicas AG-55 e AG-57 e así o recolleu nos Orzamentos de 2023.

Os Orzamentos da Xunta conteñen unha partida de 4,8 M€ para paliar o impacto das peaxes nos usuarios, absorbendo o impacto do IPC e aplicando descontos. Esta partida representa un incremento do 86% con respecto ao 2022 e permitirá continuar coas bonificacións xa activas (usuarios recorrentes, en horario nocturno e para familias numerosas) e conxelar o prezo das peaxes das autoestradas autonómicas o 1 de xaneiro de 2023.

Esta medida da Xunta vense a sumar á que xa adoptou o 1 de xaneiro de 2022 para limitar o impacto da suba do IPC nas peaxes das autoestradas autonómicas, asumindo a metade do incremento, un 2,5%, no canto do 5% que correspondería. Polo tanto, está fóra de toda dúbida que é unha cuestión de vontade política que o Goberno de España colla exemplo e adopte medidas nas autoestradas de titularidade estatal como as que a Xunta vai facer nas autoestradas autonómicas da súa competencia

En definitiva, é posible limitar as subas das peaxes e o Goberno de España ten o deber de facelo nas autoestradas de titularidade estatal en Galicia e, nomeadamente, na AP-9.

Tendo en conta todo o exposto, o grupo Municipal do Partido Popular do concello de Vigo propón a adopción da seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

O Concello de Vigo insta ao Goberno de España a que adopte as medidas encamiñadas a conxelación das peaxes na autoestrada estatal AP-9, similares ás que adoptou o Goberno galego nas autoestradas autonómicas.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con catro votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Bartolomé Tocino, López Roman e Marnotes González, e vinte abstencións dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/01/2023 14:20	Páxina 15 de 30
3675-1101	CSV: ABA2B4-E285D8-D649CH-JUTW2M-6EV62Q-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Pérez Correa, mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e mais dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.11.2022 (Rex. Nº 3635/1101), polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

7.(220). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA QUE DOTE A VIGO DUN PUNTO DE ENCONTRO FAMILIAR DIGNO, SEGURO E AMPLO QUE DE SEGURIDADE E BENESTAR AOS MENORES E AS SÚAS FAMILIAS, SEGUNDO A SÚA LEI 11/2007. EXPTE. PLENO 3643/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 25 de novembro de 2022, número 3643/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Blanco Iglesias, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Este ano contabilizamos xa 39 mulleres asasinadas; dúas crianzas e 26 orfos e orfas.

Desde o 2003 que empezamos o cómputo, van 1.171 mulleres asasinadas e 49 menores.

A Lei 11/2007 do 27 de xullo, galega, para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero, garante a existencia de puntos de encontro familiar, como un servizo que facilita e preserva a relación entre os e as menores e as persoas das súas familias en situación de crise, e que *permite e garante a seguridade e o benestar dos e das menores* e facilita o cumprimento do réxime de visitas.

Pois ben: o Punto de Encontro Familiar de Vigo non cumpre ningún destes requisitos.

- O local non reúne as condicións adecuadas:

Imaxínense vostedes un garaxe con ventilación só polo fronte, a parte de atrás é cega e os laterais cegos tamén. A parte disto o local presenta graves problemas de humidade.

- O seu pequeno tamaño, veuse reducido desde o confinamento xa que se pechou o salón porque carecía de ventilación. Polo que só dispón de dúas salas diminutas para unha media de 20 intercambios, e 10 visitas nun domingo (por exemplo).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/01/2023 14:20	Páxina 16 de 30
3675-1101	CSV: ABA2B4-E285D8-D649CH-JUTW2M-6EV62Q-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

De forma que, nos réximes de visitas, utilizando o Punto de Encontro Familiar, como lugar de intercambio, (dado que o centro non dispón de suficiente espazo para que se realicen dentro), os visitantes que teñen coche, basicamente méntense dentro do vehículo co menor durante as dúas horas do encontro. Para os visitantes que non teñen coche, o problema aínda é maior, porque este local carece no entorno dunha zona de ocio adecuada.

- Ubicación. O Punto de Encontro Familiar carece de acceso adecuado ao transporte público. Por parte das usuarias recibimos numerosas queixas, xa que teñen que facer transbordos e despois un tramo a pé para chegar. Chéganse a dar situacións perigosas, xa que hai usuarios con orden de alonxamento que teñen coincidido con elas no autobús especialmente ao finalizar as visitas.

Capítulo a parte merece o tema de seguridade:

A ubicación do Punto de Encontro Familiar non garante a seguridade das persoas usuarias nin as das traballadoras; sendo este un recurso que debería servir para salvagarda o seu benestar físico e emocional.

Por iso, desde o 2010, usuarias e traballadoras continúan a solicitar á Xunta un cambio de local.

Por outra parte:

Desde este Pleno temos elevado dúas mocións á Xunta para que o Punto de Encontro Familiar permaneza aberto os 365 días do ano, sen telo conseguido.

O Decreto 96/2014 do 3 de xullo da Xunta de Galicia, polo que se regulan os Puntos de Encontro Familiar en Galicia, no seu artigo 18 establece un calendario no que se determina o peche do Punto de Encontro Familiar o 25 de decembro, 1 de xaneiro e 15 días en agosto e tres días cada semana.

No noso entorno social, é costume que no caso de separación, os menores pasen a Noite Boa cun proxenitor e a súa familia e o 25 coa outra parte da familia.

O feito de que o Punto de Encontro Familiar estea pechado, ocasiona innumerables problemas.

É sángrante, ademais que este centro permaneza pechado 15 días en agosto, días de vacacións escolares. O problema é de tal calibre que varias usuarias lamentan ter que facer os intercambios nun bar ou calquera outra lugar sen ningún tipo de seguridade.

Por todo o exposto, os concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal Socialista propoñen ao Pleno que adopten os seguintes

ACORDOS

1.- Instar á Xunta de Galicia para que dote a Vigo dun Punto de Encontro Familiar digno, seguro e amplo que dé seguridade e benestar as e os menores e as súas familias tal e como a Xunta mesma o di na súa Lei 11/2007 do 27 de xullo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/01/2023 14:20	Páxina 17 de 30
3675-1101	CSV: ABA2B4-E285D8-D649CH-JUTW2M-6EV62Q-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2.- Que cambie o decreto que propicia que o Punto de Encontro Familiar permaneza pechado en datas significativas: 15 días de vacacións no mes de agosto, 25 de decembro, 1 de xaneiro e tres días da semana e que se manteña aberto os 365 días do ano.

3.- Instar á Xunta de Galicia para que ubique o Punto de Encontro Familiar nos locais da Cidade da Xustiza, xa que conta con grandes espazos onde vai estar, tamén o Instituto de Medicina Legal e unha escola infantil.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

Incidencia: Atópanse ausentes no momento da votación a concelleira Sra. Caride Estévez e os concelleiros Sr. López Font e Sr. Rodríguez Díaz

VOTACIÓN: Con dezasete votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Bartolomé Tocino, Egerique Mosquera, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 25.11.2022 (Rex. Nº 3643/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Blanco Iglesias, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

8.(221). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A PUBLICAR OS CRITERIOS OBXECTIVOS DE REPARTO ENTRE OS CONCELLOS DOS FONDOS ASIGNADOS A GALICIA PARA POLÍTICAS SOCIAIS, SEGUINDO AS DIRECTRICES DO GOBERNO DE ESPAÑA. EXPTE. 3644/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 25 de novembro de 2022, número 3644/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno de España é un Plan que traza a folla de ruta para a modernización do país, a recuperación do crecemento económico e a modernización de rexións e concellos de España.

O dito Plan, que se presentou no mes de abril de 2021, guiaba a execución dos máis de 72.000 millóns de euros de fondos europeos adxudicados ao noso país,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/01/2023 14:20	Páxina 18 de 30
3675-1101	CSV: ABA2B4-E285D8-D649CH-JUTW2M-6EV62Q-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

que permitirá mobilizar nos vindeiros tres anos os recursos que o Goberno de España foi quen de obter, cun proxecto recoñecido como moi solvente na Unión Europea, para responder aos retos da vindeira década.

O Goberno de España, decidiu a distribución territorializada dos Fondos Europeos e así asinou convenios con todas as Comunidades Autónomas de España para que estas, en colaboración cos Concellos -a administración máis próxima ao cidadán- executen os proxectos financiados con fondos europeos, para paliar a crise e responder ás necesidades perentorias dos cidadáns.

Xa no 2021 o Goberno de España asinou convenios con todas as CCAA, entre elas Galicia, por un importe total de 730,8 millóns de euros para Políticas Sociais (Compoñente 22), para levar a cabo as políticas transformadoras en materia social que precisa o país. Fondos dos que o Concello de Vigo, ata o de hoxe, non recibiu nin un só euro.

Hai uns días, o 21 de novembro de 2022, o Boletín Oficial do Estado, publicaba a resolución da Secretaría de Estado de Dereitos Sociais, co Acordo de aprobación da distribución territorial entre as CCAA, para o financiamento de proxectos de investimento no marco do compoñente 22: “Economía dos coidados e reforzo das políticas de igualdade e inclusión social” para o exercicio 2022, por un importe total de 899,99 millóns de euros.

O componente 22, “Plan de Choque para a economía dos coidados e reforzo das políticas de inclusión”, prevé investimentos en tres liñas estratéxicas:

Investimento 1.- Plan de apoios e coidados de longa duración: desinstitucionalización, equipamentos e tecnoloxía.

Investimento 2.- Plan de Modernización dos Servizos Sociais: Transformación tecnolóxica, innovación, formación e reforzo da atención á infancia.

Investimento 3 .- España, País Accesible.

Dita resolución, contén, de novo, dúas cuestións de enorme calado para as entidades locais e, nomeadamente, para Vigo:

1. Que Galicia recibirá para estes obxectivos estratéxicos en materia de Política Social máis de 56,1 millóns de euros.

2. Que a distribución destes fondos, segundo establece, taxativamente o artigo 2 desta resolución “As entidades locais participarán, cando menos, no 15% dos fondos asignados a cada CCAA, xa sexa directamente ou de forma compartida coa CCAA. Para isto, cada Comunidade Autónoma, establecerá convenios de colaboración coas entidades locais do seu territorio, de acordo coa realidade institucional de cada territorio”.

Dito todo isto, cómpre lembrar que o Concello de Vigo en comunicación remitida á Xunta de Galicia con data 8 de febreiro de 2021, manifestaba o seu interese en participar neste reparto de fondos con tres proxectos maduros, nas seguintes liñas de actuación:

Liña C22.12: Plan de Apoios e coidados de larga duración innovadores para a atención a Persoas sen Fogar.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/01/2023 14:20	Páxina 19 de 30
3675-1101	CSV: ABA2B4-E285D8-D649CH-JUTW2M-6EV62Q-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Liña C22.17: Plan de Modernización dos Servizos Sociais.

Liña C22.18: Plan España Accesible. Mellorar a accesibilidade dun xeito integral aos servizos sociais.

Sinalar, que a resposta da Xunta de Galicia a esta comunicación foi nula, ningunha, foi a desprezo e a ausencia total, como sempre en todos os temas que abranguen á cidade de Vigo.

Agora, un ano máis, e diante da convocatoria que se ven de publicar por parte do Goberno de España, no BOE do pasado día 21 de novembro, o Concello de Vigo, volve a insistir en que quere participar dos Fondos Europeos que se lle están a transferir á Xunta de Galicia en materia de Política Social e esixe total transparencia, concurrencia pública e criterios obxectivos de reparto destes fondos, como non pode ser doutro xeito.

E por esto que propoñemos ao Pleno da Corporación os seguintes:

ACORDOS

1. Instar á Xunta de Galicia a publicar os criterios obxectivos de reparto entre os Concellos dos fondos asignados a Galicia por importe de 56,1 millóns de euros para Políticas Sociais, seguindo as directrices do Goberno de España (poboación, supercicie, poboación dependente, dispersión e grandes urbes).
2. Instar á Xunta de Galicia a que teña en conta a manifestación de interese formulada polo Concello de Vigo o día 08.02.2021 para participar no reparto de fondos europeos do Plan de Resiliencia.
3. Instar á Xunta de Galicia á formalización dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, en relación co reparto de fondos do Compoñente 22, destinado a políticas sociais."

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

Incidencia: Atópanse ausentes no momento da votación a concelleira Sra. Caride Estévez e o concelleiro Sr. López Font.

VOTACIÓN: Con dezaoto votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Bartolomé Tocino, Egerique Mosquera, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/01/2023 14:20	Páxina 20 de 30
3675-1101	CSV: ABA2B4-E285D8-D649CH-JUTW2M-6EV62Q-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Aprobar a Moción presentada, en data 25.11.2022 (Rex. Nº 3644/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

9.(222) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO AO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA A EXPLICAR PUBLICAMENTE O INTENTO DA XUNTA DE GALICIA DE DEIXAR A VIGO FORA DO PROXECTO DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA DE VIGO, INTENTO FRUSTRADO POLO GOBERNO DE ESPAÑA E A FEGAMP. EXPTE. PLENO 3645/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 25 de novembro de 2022, número 3645/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O 12 de Maio, o Concello de Vigo presentou varios proxectos no marco do Plan de Sustentabilidade Turística do destino no marco da convocatoria de fondos europeos Next Generation EU.

Proxectos que sumaban un importe total de 11.134.000 millóns de euros e destacaban os seguintes:

- 1.-O centro de promoción enogastronómica de Vigo/reforma dos edificios de Praza da Igrexa.
- 2.-Miradoiro e ascenso panorámico do Concello.
- 3.-Humanización completa do Paseo de Granada.
- 4.-Accións complementarias que estaban basadas en itinerarios gastronómicos, xestión de residuos do sector hostaleiro, nova iluminación no Casco Vello, actualización da web e app Turismo de Vigo, promoción de Vigo como destino de Congressos, entre outros.

Á hora de cualificar estes proxectos, prodúcese unha situación absolutamente indignante. Mentres que a Secretaría de Estado de Turismo e a FEGAMP outórganos 85 puntos cada unha delas, por encima da puntuación mínima de 70 puntos para poder optar á convocatoria, a representación da Xunta de Galicia só asigna 57 puntos, por baixo dese mínimo.

É evidente que se trata dunha votación dirixida politicamente contra a cidade de Vigo e sen ter en conta a calidade dos proxectos. Este conxunto de 4 proxectos consegue unha puntuación media de 73,8 puntos, o que significa poder optar, grazas ás puntuacións obxectivas da Secretaría de Estado de Turismo e da FEGAMP.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/01/2023 14:20	Páxina 21 de 30
3675-1101	CSV: ABA2B4-E285D8-D649CH-JUTW2M-6EV62Q-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A Xunta de Galicia cualifica moi por baixo estes proxectos para castigar á cidade formando parte da campaña permanente do Presidente da Xunta contra esta cidade.

Utilizan os fondos do goberno de España para facer política e marxinar á cidade de Vigo, hoxe o destino turístico máis importante de Europa.

A primeira manobra consistiu en deixarnos fóra cunha puntuación absolutamente vergoñosa e inxustificada. E á hora de asignar fondos, só asígnannos 2 millóns de euros dos 11,2 millóns que solicitáramos e que significaban proxectos que reafirman e consolidan aínda máis o proxecto turístico da cidade de Vigo, algo que evidentemente o Sr. Rueda non quere que se produza.

E por esto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

INSTAR ao Presidente da Xunta de Galicia a explicar públicamente o intento da Xunta de Galicia, de deixar a Vigo fora do Proxecto do Plan de Sustentabilidade Turística de Vigo, intento frustrado polo Goberno de España e a FEGAMP.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

Incidencia: Atópase ausente no momento da votación a concelleira Sra. Rodríguez Calviño.

VOTACIÓN: Con dezaseis votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, tres abstencións dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Bartolomé Tocino, Egerique Mosquera, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 25.11.2022 (Rex. Nº 3645/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

PARTE DE CONTROL

10.(223). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DENDE O 20.10.22 AO 21.11.22. EXPTE. 1325/1102 (EXPTE. PLENO .3637/1101).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/01/2023 14:20	Páxina 22 de 30
3675-1101	CSV: ABA2B4-E285D8-D649CH-JUTW2M-6EV62Q-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía (do 20.10.22 ao 21.11.22) incluídas no expediente 1325/1102.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións. O Pleno queda enterado.

11.(224). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS, DENDE O 20.10.22 AO 21.11.22. EXPTE. 1326/1102 (EXPTE. PLENO 3638/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados (do 20.10.22 ao 21.11.22) incluídas no expediente 1326/1102.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións. O Pleno queda enterado.

12.(225) DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA, DE DATA 31.10.2022, DE DELEGACIÓN DA COMPETENCIA PARA A FIXACIÓN DOS SERVIZOS MÍNIMOS NO SUPOSTO DE FOLGAS QUE AFECTEN AOS SERVIZOS PÚBLICOS QUE PRESTA O CONCELLO DE VIGO E O SEU ORGANISMO AUTÓNOMO, AGÁS AS RELATIVAS AO PERSOAL EMPREGADO PÚBLICO. EXPTE. 598/1102 (EXPTE. PLENO 3639/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 31.10.22, que di o que segue,

“MODIFICACIÓN DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN CONCELLEIROS E CONCELLEIRAS DE ÁREA

O artigo 28.2 da Constitución española configura como dereito fundamental o dereito a folga dos traballadores/as para a defensa dúas seus intereses dispoñendo que a lei que regule o exercicio deste dereito establecerá as garantías precisas para asegurar o mantemento dos servizos esenciais da comunidade. A remisión á lei para a regulación do exercicio deste dereito supón que o dereito de folga non é absoluto e incondicional estando suxeito a limitacións en función do ben común e o respecto ao dereito dos demais debendo establecer as garantías precisas para asegurar o mantemento dos servizos esenciais da comunidade. Como dita lei orgánica aínda non foi aprobada é de aplicación o Real Decreto- Lei 17/1977 de 4 de marzo sobre relacións de traballo, declarado parcialmente en vigor pola sentenza do Tribunal Constitucional 11/1981 de 8 de abril, que no seu artigo 10 determina que cando a folga se declare en empresas encargadas da prestación de calquera xénero de servizos públicos o de recoñecida e inaprazable necesidade e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/01/2023 14:20	Páxina 23 de 30
3675-1101	CSV: ABA2B4-E285D8-D649CH-JUTW2M-6EV62Q-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

concorran circunstancias de especial gravidade, a autoridade gubernativa poderá acordar as medidas necesarias para asegurar o funcionamento dos servizos.

Os servizos prestados polo Concello de Vigo teñen a consideración de servizos públicos, segundo os artigos 25 e 26 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local (LRBRL), como competencias propias municipais. Así mesmo ao tratarse de servizos municipais, a competencia para decretar servizos mínimos correspóndelle ao Concello, en virtude do principio de autonomía municipal garantido na Constitución (Sentenza do Tribunal Supremo de 15 xuño 2005, Rec. 907/2002) e conforme a xurisprudencia cando se trata de servizos de titularidade municipal a autoridade gubernativa a que se refire o artigo 10 do Real Decreto 17/1977, de 4 de marzo, corresponde ao Alcalde (artigo 124.4.ñ da LRBRL).

As dinámicas de funcionamento municipal fan aconsellable modificar as delegacións de competencias nos órganos de xestión unipersonal -os/as concelleiros/as delegados e delegadas en materia de fixación de servizos mínimos ne caso de folga en aras dunha mellor axilidade e eficacia na prestación dos servizos públicos de tal xeito que, no uso da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais que, en relación coa Administración Municipal, ostenta esta Alcaldía - art. 124.4) da LRBRL I- e de conformidade co previsto nos artigos 43 e seguintes do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF) esta Alcaldía RESOLVE:

Primeiro.- Modificar a Resolución da delegación de competencias (2019-2023) da Alcaldía nos concelleiros e concelleiras delegados e delegadas de área de data 26.06.2019 modificada posteriormente por Resolucións de data 13.08.2019 e do 17.08.2020, 16.04.2021, 8.08.2022 e 6.09.2022 respecto do punto terceiro nos seguintes termos:

(...)

Terceiro.- Así mesmo, os Concelleiros/as Delegados/as de cada Área e demais delegados ostentarán pola miña delegación, ademais das atribucións delegadas no apartado anterior e aquelas nas que se concreten posteriormente, as seguintes:

(...)

16. A competencia para a fixación dos servizos mínimos no suposto de folgas que afecten aos servizos públicos que presta o Concello de Vigo e o seu Organismo Autónomo agás as relativas ao persoal empregado público.

Segundo.- Deixar sen efecto calquera Resolución anterior ditada pola Alcaldía sobre delegacións de atribucións en Concelleiros/as, agás aquelas que non resulten contraditorias coa presente e mantendo a vixencia das delegacións especiais que continúen vixentes.

Terceiro.- Notificar a presente Resolución a todo/as os Concelleiros e Concelleiras e membros da Xunta de Goberno Local afectado/as.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/01/2023 14:20	Páxina 24 de 30
3675-1101	CSV: ABA2B4-E285D8-D649CH-JUTW2M-6EV62Q-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Cuarto.- Comunicar a presente Resolución ás Xefaturas das diferentes Áreas e Servizos Municipais para o seu coñecemento e efectos mediante a súa inserción na intranet municipal.

Quinto.- A presente Resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme co establecido no art. 44.2 do RD 2568/1986 e na Sede Electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Sexto.- Da presente Resolución, de conformidade co establecido no art. 44.4 do RD 2568/1986, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal, darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma.”

ACORDO.

O Pleno da Corporación queda enterado da Resolución da Alcaldía de data 31 de outubro de 2022

FORMULACIÓN DE ROGOS.

13.(226). Rogo formulado polo concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas. Que se rectifique o plan de tráfico implementado por causa do inicio das actividades do nadal que está a colapsar a mobilidade no centro da cidade, atendendo as queixas da veciñanza para modificar as restricións de acceso durante os días laborábeis, reforzar a sinalización dos perímetros peonís e aumentar o número de efectivos da Policía Local e de Protección Civil para a supervisión das zonas afectadas.

14.(227). Rogo formulado pola concelleira do grupo municipal Mixto, Sra. Mendez Fuentes. Rogamos que o Goberno local explique o motivo da instalación dun valado no entorno da ermida da Guía sen que exista obra asociada, e que se clarifique se se trata dun problema de seguridade estrutural.

15.(228). Rogo formulado polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular. Rogamos se renove ou se substitua o convenio subscrito entre o Concello e o Estado, para a remodelación da Avenida de Madrid, que caduca o día 31 de decembro, e así evitar a perda de 13,4 millóns de euros.

FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

16.(229). Pregunta formulada polo concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas. ¿Que medidas e actuacións vai adoptar o Goberno municipal para, diante



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/01/2023 14:20	Páxina 25 de 30
3675-1101	CSV: ABA2B4-E285D8-D649CH-JUTW2M-6EV62Q-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

das reiteradas denuncias veciñais, cumprir e facer cumprir as ordenanzas municipais e a normativa de aplicación en materia de rúidos, convivencia, limpeza, protección ambiental e conservación patrimonial, así como asegurar o acceso de vehículos e servizos de emerxencia en todas as zonas con instalacións ornamentais e actividades dentro da programación do nadal e, singularmente, as atraccións e postos instalados no Cíes Market nos xardíns históricos da Alameda e arredores?

17.(230). Pregunta formulada polo concelleiro do grupo municipal Mixto, Sr. Pérez Correa. ¿Pensa o goberno local realizar as medicións de impacto acústico dos elementos de ocio de nadal en vía pública que o informe dos técnicos municipais ligou a ampliación administrativa da instalación do Cies Market, "a noria" e outros elementos con altofalantes?

18.(231). Pregunta formulada polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González. ¿Qué medidas vai a tomar o goberno para normalizar a precaria situación dos centros de servizos sociais e recuperar a atención presencial dos centros de Teis e Coia, reducir a lista de agarda para ser atendido polos técnicos e executar os máis de 9 millóns de euros que ten pendente de executar o departamento de servizos sociais?.

ANEXO ARQUIVO AUDIOVISUAL

Asunto : Pleno ordinario Novembro
Legislatura: Mandato 2019-2023
Órgano : Pleno
Fecha Inici: Miércoles, 30 de Noviembre de 2022 13:35:46
Fecha Fin : Miércoles, 30 de Noviembre de 2022 16:19:22
Duración : 02:43:36

- HTML

https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3256

- Media (MASTER)

SHA512 -
cfb42abcc6d57ff95938c6cae4e7448d2dd167e8166301f8f610425f9b9feda0db93c89
a4bcaf24c3b164e7add3aa129644d3754eb7f189c63d8e91dfd044586

- Minutaje

00:00:01 - Asistentes : Oradora invitada; Caballero Álvarez, Abel;
Interventor; Secretario; Silva Rego, Carmen; Espinosa Mangana,
Elena; López Font, Carlos; Losada Alvarez, Abel Fermín; Mejías
Sacaluga, Ana María; Aneiros Pereira, Jaime; Aguiar Castro,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/01/2023 14:20	Páxina 26 de 30
3675-1101	CSV: ABA2B4-E285D8-D649CH-JUTW2M-6EV62Q-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Yolanda; Gomez Díaz, Gorka; Iglesias González, Ana Laura; Blanco Iglesias, Eugenia Dolores; Lago Barreiro, M.^a del Carmen; Estévez Rodríguez, Pablo; Pardo Espiñeira, Francisco Javier; Caride Estévez, María José; Fernández Pérez, Jose Manuel; Rodríguez Calviño, Patricia; Rivas González, Angel; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Rodríguez Díaz, Santos Héctor; Marnotes González, Jose Alfonso; Egerique Mosquera, Teresa; Lopez Roman, Patricia; Bartolomé Tocino, Carlota; Pérez Correa, Rubén; Méndez Fuentes, Oriana; Pérez Iglesias, Xabier;
- 00:00:24 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:01:04 : Actas anteriores: Ordinaria do 26 de outubro, extraordinaria do 9 de novembro e extraordinaria do 18 de novembro.
- 00:01:21 : Intervención de Dona Concepción Regueiro Digón, da asociación Asociación Mulleres Progresistas, colectivo integrante do Consello Municipal da Muller para expoñer o texto proposto con motivo do día 25 de novembro ?Día Internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres?. Expte. 11886/224 (Expte. Pleno 3636/1101).
- 00:01:40 - Oradora invitada
- 00:06:00 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:06:47 : Dar conta do Estado de Execución do estado de gastos e ingresos do orzamento correspondente ao terceiro trimestre do 2022, asícomo do movemento de tesourería por operación orzamentarias e non orzamentarias. Expte. 230/143.(Expte. Pleno 3632/1101)
- 00:07:05 - Aneiros Pereira, Jaime
- 00:12:13 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:12:17 - Pérez Iglesias, Xabier
- 00:14:29 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:14:34 - Pérez Correa, Rubén
- 00:19:40 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:19:42 - Marnotes González, Jose Alfonso
- 00:24:54 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:24:58 - Aneiros Pereira, Jaime
- 00:27:23 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:27:33 - Aneiros Pereira, Jaime
- 00:28:02 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:28:28 - minuto de silencio
- 00:29:31 : 4. Moción do concelleiro membro non adscrito, demandando máis recursos para o combate das violencias machistas. Expte. Pleno3642/1101.
- 00:29:40 - Pérez Iglesias, Xabier
- 00:31:46 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:31:53 - Méndez Fuentes, Oriana
- 00:36:17 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:36:19 - Lopez Roman, Patricia
- 00:41:41 - Espinosa Mangana, Elena
- 00:41:47 - Blanco Iglesias, Eugenia Dolores
- 00:44:51 - Espinosa Mangana, Elena
- 00:44:56 - Pérez Iglesias, Xabier
- 00:46:04 - Espinosa Mangana, Elena
- 00:46:10 - Votación [9:55:59]
- 00:46:40 : Moción do grupo municipal Mixto por un compromiso total do Concello de Vigo na construción dunha cidade libre de violencias machistas en todos os espazos, públicos e privados. Expte. Pleno3640/1101.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/01/2023 14:20	Páxina 27 de 30
3675-1101	CSV: ABA2B4-E285D8-D649CH-JUTW2M-6EV62Q-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 00:46:57 - Méndez Fuentes, Oriana
00:52:03 - Espinosa Mangana, Elena
00:52:10 - Pérez Iglesias, Xabier
00:54:14 - Espinosa Mangana, Elena
00:54:20 - Lopez Roman, Patricia
00:59:26 - Espinosa Mangana, Elena
00:59:30 - Blanco Iglesias, Eugenia Dolores
01:03:31 - Espinosa Mangana, Elena
01:03:34 - Méndez Fuentes, Oriana
01:06:42 - Espinosa Mangana, Elena
01:06:54 - Votación [10:16:43]
- 01:07:12 : 6. Moción do grupo municipal do Partido Popular, instando aoGoberno de España a que adopte as medidas encamiñadas áconxelación das peaxes na autoestrada estatal AP-9, similares ásque adoptou o Goberno galego nas autoestradas autonómicas.
- 01:07:36 - Marnotes González, Jose Alfonso
01:12:28 - Espinosa Mangana, Elena
01:12:32 - Pérez Iglesias, Xabier
01:14:45 - Espinosa Mangana, Elena
01:14:49 - Pérez Correa, Rubén
01:14:52 - Méndez Fuentes, Oriana
01:19:38 - Espinosa Mangana, Elena
01:19:42 - Caride Estévez, María José
01:24:55 - Espinosa Mangana, Elena
01:25:00 - Marnotes González, Jose Alfonso
01:28:17 - Espinosa Mangana, Elena
01:28:51 - Votación [10:38:39]
- 01:29:25 : 7. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galiciaque dote a Vigo dun Punto de Encontro Familiar digno, seguro eamplo que de seguridade e benestar aos menores e as súasfamilias, segundo a súa Lei 11/2007. Expte. Pleno 3643/1101
- 01:29:44 - Blanco Iglesias, Eugenia Dolores
01:34:31 - Espinosa Mangana, Elena
01:34:38 - Pérez Iglesias, Xabier
01:36:46 - Espinosa Mangana, Elena
01:36:51 - Pérez Correa, Rubén
01:41:42 - Espinosa Mangana, Elena
01:41:47 - Bartolomé Tocino, Carlota
01:46:13 - Espinosa Mangana, Elena
01:46:18 - Blanco Iglesias, Eugenia Dolores
01:49:46 - Espinosa Mangana, Elena
01:49:54 - Votación [10:59:43]
- 01:50:42 : 8. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galiciaa publicar os criterios obxectivos de reparto entre os concellosdos fondos asignados a Galicia para políticas sociais, seguindo asdirectrices do Goberno de España. Expte. 3644/1101.
- 01:50:56 - Aguiar Castro, Yolanda
01:56:03 - Espinosa Mangana, Elena
01:56:10 - Pérez Iglesias, Xabier
01:58:25 - Espinosa Mangana, Elena
01:58:36 - Pérez Correa, Rubén
02:04:08 - Marnotes González, Jose Alfonso
02:04:20 - Espinosa Mangana, Elena
02:08:04 - Marnotes González, Jose Alfonso
02:10:03 - Espinosa Mangana, Elena
02:10:10 - Aguiar Castro, Yolanda
02:14:01 - Espinosa Mangana, Elena
02:14:12 - Votación [11:24:01]



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/01/2023 14:20	Páxina 28 de 30
3675-1101	CSV: ABA2B4-E285D8-D649CH-JUTW2M-6EV62Q-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 02:15:05 : 9. Moción do grupo municipal Socialista, instando ao Presidente da Xunta de Galicia a explicar publicamente o intento da Xunta de Galicia de deixar a Vigo fora do proxecto do Plan de Sustentabilidade Turística de Vigo, intento frustrado polo Goberno de España e a FEGAMP. Expte. Pleno 3645/1101.
- 02:20:43 - Espinosa Mangana, Elena
02:20:47 - Pérez Iglesias, Xabier
02:22:49 - Espinosa Mangana, Elena
02:22:53 - Pérez Correa, Rubén
02:27:54 - Espinosa Mangana, Elena
02:27:59 - Marnotes González, Jose Alfonso
02:33:12 - Espinosa Mangana, Elena
02:38:20 - Espinosa Mangana, Elena
02:38:33 - Votación [11:48:21]
- 02:39:30 : 10. Dar conta de resolucións da Alcaldía, dende o 20.10.22 ao 21.11.22. Expte. 1326/1102 (Expte. Pleno 3637/1101).
- 02:39:49 : 11. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, dende o 20.10.22 ao 21.11.22. Expte. 1326/1102 (Expte. Pleno 3638/1101).
- 02:40:07 : 12. Dar conta da Resolución de Alcaldía, de data 31.10.2022, de delegación da competencia para a fixación dos servizos mínimos suposto de folgas que afecten aos servizos públicos que presta o Concello de Vigo e o seu Organismo Autónomo, agás as relativas ao persoal empregado público. Expte. 598/1102 (Expte. Pleno 3639/1101).
- 02:40:34 : 13. Formulación de rogos.
02:40:37 - Pérez Iglesias, Xabier
02:41:00 - Espinosa Mangana, Elena
02:41:03 - Méndez Fuentes, Oriana
02:41:17 - Espinosa Mangana, Elena
02:41:20 - Marnotes González, Jose Alfonso
02:41:41 - Espinosa Mangana, Elena
- 02:41:45 : 14. Formulación de preguntas.
02:41:47 - Pérez Iglesias, Xabier
02:42:19 - Espinosa Mangana, Elena
02:42:21 - Pérez Correa, Rubén
02:42:35 - Espinosa Mangana, Elena
02:42:39 - Marnotes González, Jose Alfonso
02:43:00 - Espinosa Mangana, Elena
02:43:36 : [FIN]

Sen máis asuntos a Presidencia deu por rematada a sesión ás once horas e cincuenta minutos, redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

Conforme o artigo 3 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, a presente Acta, identificada co nº 18/2021, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2022.
am.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/01/2023 14:20	Páxina 29 de 30
3675-1101	CSV: ABA2B4-E285D8-D649CH-JUTW2M-6EV62Q-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A PRESIDENCIA
Javier Pardo Espiñeira
Elena Espinosa Mangana
Abel Caballero Álvarez

O SECRETARIO XERAL DO PLENO

José Riesgo Boluda



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/01/2023 14:20	Páxina 30 de 30
3675-1101	CSV: ABA2B4-E285D8-D649CH-JUTW2M-6EV62Q-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		